

## NORMAS PARA XORNADAS DE FORMACIÓN

Dende a AGKM, preténdese promocionar a formación en kaiak de mar, como elemento imprescindible para a seguridade e disfrute no desenvolvemento da actividade. Tamen terán cabida, xornadas de formación, con actividades directamente relacionadas con mundo do kaiak. Dende a asociación planteanse dúas modalidades de formación:

- Contratación de persoal profesional, de recoñecido prestixio e experiencia, que poderá ou non, expedir algún tipo de certificado ou documento acreditativo da formación impartida, con carácter oficial ou “benevolo”.
- Formación “Benévola”. Formación de carácter “non oficial”, impartida polo-la figura do-a “guía benévolo-a” (persoa con recoñecida experiencia no tipo de formación a impartir), sin recoñecemento de carácter oficial legalmente establecido, se ben, poderase en estes casos, expedir un escrito da formación realizada, con carácter meramente testimonial e informativo (Non oficial).

Para o acceso a estas xornadas, plantexanse dúas opcións:

- Ser socio da AGKM (según o disposto nos estatutos da asociación). Os socios terán prioridade de acceso as plazas dispostas nas diferentes xornadas de formación, durante o prazo indicado para a solicitude ou pago, de cada actividade. Transcorrido o prazo con prioridade, pasarán o modo xeral, de orden de solicitude ou pago das plazas ofertadas.
- Non socio da AGKM. Os non socios, cando así se indique, poderán optar as plazas ofertadas, unha vez superado o prazo de prioridade para asociados. Dado que as actividades realizadas dende a asociación deben estar cubertas por un seguro de accidentes e RC, deben facerse socios da AGKM, como primeira opción, ou abonar unha cuota (A determinar) en concepto de “socio por un día”, como segunda opción.

A solicitude e confirmación das plazas ofertadas nas xornadas de formación, faranse atendose os seguintes requirimentos:

- As solicitudes enviaranse por escrito, o correo electrónico indicado en cada ocasión, co fin de ter constancia documental do mesmo.
- As solicitudes serán tramitadas por orde de recepción, pero serán filtradas posteriormente, por orde de prioridade ou pago (no caso de ser indicado).
- Cando así se indique, será requerido un pago a modo de “Reserva de plaza”, que formará en todo caso, parte do pago total. En caso de renuncia a plaza solicitada, a cantidade abonada como “Reserva de plaza”, non será reintegrada.
- Cando así se indique, poderase solicitar o pago da cantidade total, dentro de un prazo establecido. Superado o prazo establecido, de non ser formalizado o pago, perderase a plaza solicitada (E a cantidade en concepto de “reserva de plaza”, de existir), pasando a asignarse dita plaza, as persoas en reserva.
- A renuncia, ou non asistencia a actividade programada, levan implícita a perda das cantidades pagadas, salvo nos casos comunmente establecidos, como poden ser enfermidade grave, falecemento de familiares, etc. Poderase requerir, en todo caso, verificación documental do motivo alegado. Os gastos de xestión ou materiais, poderán non ser reintegrados, no caso de non poder ser recuperados pola organización.
- Todos os pagos efectuados, deben ser debidamente documentados, para ser considerados como válido.
- A cancelación da actividade programada, por parte da organización, conlevará o reintegro das cantidades integras abonadas por parte do-a solicitante. En caso de ser suspendida por motivos alleos a organización, esta poderá optar por reintegrar as cantidades abonadas, excepto gastos, ou propoñer outra data para a súa celebración. No caso de que o-a solicitante renuncie a participación en outra data, poderá solicitar a devolución das cantidades abonadas (excepto gastos), sen ningún tipo de xustificación.